

CIRCULAR 61-2016 (Circular modificada a 12/09/2016)

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXVI CAMPIONATO DE GALICIA JUNIOR, PROMESA, ABSOLUTO E VETERÁN DE MEDIO MARATÓN (Pontevedra, 16 de Outubro de 2016)

Art. 1) A Sociedade Gimnástica de Pontevedra, o **IMD** e A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Pontevedra organizarán o vindeiro 16 de Outubro de 2016 en Pontevedra o **Campionato de Galicia Absoluto de Medio Maratón, e das categorías Junior, Promesa e Veterán.**

Art.2) No Campionato de Galicia poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos de Galicia

Art. 3) A saída terá lugar ás 11:00 horas na Ponte dos Tirantes

Art. 4) A proba celebrarase sobre a distancia de 21.097 Km. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

Art.5) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 11 de Outubro do 2016. Os atletas do Campionato de Galicia que desexen optar os premios en metálico e trofeos da XXI Medio Maratón Pontevedra terán que inscribirse no mesmo no lugar indicado no seu regulamento.**

Art. 6) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre ás 10.30 e 10.45. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

Art. 7) Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 2 horas e **25** minutos dende o comenzo da proba.

Art.8) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.9) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

A recollida de dorsais farase no Pavillón Universitario (Maxisterio) na r/ Padre Gaité o día venres 14/10 de 17.00 a 20.30 e o sábado 15 de outubro de 10.30 a 13.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas. Excepcionalmente o día da proba de 08:30 horas a 10:00 horas.

Art.10) A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.

Art. 11) O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse verbalmente ó xuíz árbitro (o una secretaria da competición) como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados provisionais.

Art.12) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art. 13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 9 de Setembro de 2016